

O pasado mes de outubro celebrouse o "II Campionato Galego de Formación Profesional Galicia Skills 2012".

Un dos obxectivos desta proba, a parte de posta en valor do atractivo das ensinanzas da FP é potenciar a relación entre as empresas dos diferentes sectores que patrocinan a mesma cos centros nos que se imparten os ciclos, é a selección do equipo galego que nos vai representar na "Olimpíada de Formación Profesional SpainSkills 2013" que se vai celebrar en febreiro de 2013, onde a súa vez sairán os representantes de España para o campionato a nivel mundial "World Skills 2013" que se celebrará no Brasil.


Nesta proba de recoñecido prestixio, disputábanse dous únicos premios, e dous alumnos de segundo curso do ciclo de madeira que se imparte no IES de Ortigueira, David Pajón Freire e David Galdo Loureiro presentáronse a "Galicia Skills" na categoría de Ebanistería e na categoría de Carpintería, respectivamente acadando para Ortigueira as dúas medallas de prata que acreditan o

Dous alumnos do IES de Ortigueira acadan dúas medallas de prata na Olimpíada FP 2012

segundo posto galego en cada unha das dúas categorías.

As competicións tiveron lugar no "CIFP A Xunqueira", da cidade de Pontevedra, o pasado 25 de outubro, e os competidores tiveron que realizar un exercicio de ensamblaxe e axuste en madeira de faia durante unha xornada de sete horas. Esta peza de madeira englobou, a través de ensambles e axustes propios da profesión, os coñecementos que se supoñen nun alumno de Formación Profesional da rama de Carpintería e Moble. O tribunal tamén valorou o aspecto e acabado final da peza, así como a maneira de traballar durante a proba.

Estas dúas medallas de prata, a parte dun merecido premio para estes dous futuros profesionais da carpintería e ebanistería, son unha recompensa a un gran esforzo e afán de superación, e tamén



unha interesante experiencia de intercambio entre alumnos de diferentes centros de Galicia, sen esquecer que é unha moi boa reseña para marcar nos seus currículos cara ó futuro profesional.

"La Voz de Ortigueira" da os parabéns ós dous alumnos, ás súas familias, e tamén ós profesores de Carpintería polo excelente traballo realizado.